

PRESENTACIÓN DE VICTORINO

A Victorino coñecino no ano 75, hai 25 anos, nuns exercicios espirituais que din no Seminario de Santiago recién chegado a Muras.

Un seminarista listo e inqueda foi o que daquela puiden pouco mais que saudar. Despois de non moitos anos viñémonos atopar nos retiros e xuntanzas que cada mes facíamos na miña casa rectoral: o derradeiro luns de cada mes puntualmente, ás 11 da mañá, iniciabamos o noso itinerario espiritual un grupo de sacerdotes amigos e inquedos por atopar camiños de evanxelización encarnada na Galicia rural. Victorino andaba daquela como Párroco nas terras de Abadín, acurrunchado nuna lonxana parroquia, fría de raios no inverno e bretemosa no vran. Cheo de xuventude trataba de comunicar a súa inquedanza evanxélica as xentes crentes e humildes, espalladas nas aldeas da Galicia profunda. Máis tarde íría a Xove, multiplicando a súa presenza nas clases de relixión no Instituto de Bacharelato de Burela e na Escola diocesana de teoloxía.

Inquedo por coñecer e formarse témolo buscando horizontes e capacidades apostólicas en diversas especialidades. Ensaiaando Debuxo e Pintura, Arquitectura, estudiando Teoloxía en Salamanca, Cursiños en Comillas... Publicista.

Neste labor vai quedar salientada a súa actividade, encarreirada sempre dende un punto de vista pastoral: funda e dirixe do 81 ao 93 a Revista Irimia, colabora en Encrucillada e forma parte do seu equipo de redacción, colabora en prensa diaria e semanal de Galicia, *e de fora,* El Progreso, Diario de Ferrol, La Voz de Galicia, A Nosa Terra, Vida Nueva, Alandar, el Prado, teñen recollida a súa firma.

Publica libros de investigación propia de requintada sensibilidade por unha Galicia asumida como patria propia, sendo natural de León (Hospital de Orbigo).

Táboa de libros e publicacións...

Personalmente sente unha chamada a vivir un compromiso evanxélico na sociedade de *Sacerdotes do Prado* (fundada polo sacerdote francés Antoine Chevrier) cunha cadencia marcada no evanxeo, no popular e sinxelo, en contacto co mundo dos pobres e da marxinación.

Un amigo incondicional, como para estar a carón nos momentos escuros, ou para disfrutar da alegría de vivir, unha cabeza e cultura privilexiada, guiado sempre pola inquedanza do Señor Xesús, dos galegos e galegas, de Galicia coma patria e coma terra.

*Modesto Vázquez Gundián. A Coruña 2000
Deceembro*